

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día sete de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente do día 26 de novembro de 2021, da sesión ordinaria do día 30 de novembro de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 1 de decembro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da aprobación definitiva do Plan de investimento en vías provinciais 2020, 4ª fase integrado polo proxecto mellora da seguridade vial na DP 1704 Cambre a Carral pq 0+580 a 1+070 (Cambre). (Boletín Oficial da Provincia número 230, do 2 de decembro de 2021).

- Resolución da Secretaría de Estado da Función Pública, do Ministerio de Facenda e Función Pública, do 24 de novembro de 2021, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2022. (Boletín Oficial do Estado número 287, do 1 de decembro de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de novembro ao 1 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 2095/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 2153/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2095/2021	26-11-2021	Denegar a axuda emerxencia social por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses establecido na ordenanza. Solicitante: LAG
2096/2021	26-11-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non estar xustificada a situación de necesidade. Solicitante: AARA
2097/2021	26-11-2021	Alta SAF LAGI
2098/2021	26-11-2021	Aprobar a relación de admitidos para participar no Programa Vente de Marcha 2021: Ruta 148: A vía da Prata: Ourense-Cea
2099/2021	26-11-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de novembro de 2021
2100/2021	26-11-2021	Reposición legalidade urbanística por execución de obras de construción de rampla de acceso a finca sita sitas na Xira, Sigrás, non incluídas na comunicación previa presentada. Propiedade: LMAS e MSM
2101/2021	26-11-2021	Aprobación do padrón do prezo público da XXIX Semana Micolóxica de Cambre 2021
2102/2021	26-11-2021	Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto contra a declaración de ineficacia e o mantemento da suspensión da actividade de aparcadoiro anexo á botica do agro situado no lugar da Xira, parroquia de Sigrás
2103/2021	26-11-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras sen comunicación previa en Castrobo, Anceis, pola execución dun novo volume na fachada da fronte da vivenda. Propiedade: CDV e MNJ
2104/2021	29-11-2021	Alta SAF A.G.E.
2105/2021	29-11-2021	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de outubro de 2021
2106/2021	29-11-2021	Aprobación de facturas e gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 24.822,84 euros
2107/2021	29-11-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra renovación da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		rede de abastecemento no Corgo, Outeiro e Bandebó, parroquia de Brexo- Lema. supervisado. (plan único de concellos) POS+ 2020, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 19.379,90 euros, así como o seu pagamento.
2108/2021	29-11-2021	Aprobación de factura e certificación num. 15 final da obra «espazo exterior e interior da praza 1º de maio. A Barcala. Cambre»pos + 2018
2109/2021	29-11-2021	Aprobación de certificación de obra execución de instalación de conxuntos semafóricos con regulación semafórica no paso de peóns sito na carretera Cambre-Temple e factura correspondente
2110/2021	29-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a EVP
2111/2021	29-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MLNB
2112/2021	29-11-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a JBL
2113/2021	29-11-2021	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na rúa Balado, (parcela 2) propiedade de RH, S.L.
2114/2021	29-11-2021	Aprobación da conta xustificativa para a reposición de fondos de anticipos de caixa fixa núm. 4/2020, polo período comprendido do 01/10/2020 ao 28/12/2020
2115/2021	29-11-2021	Corrección de erros da resolución 2105/2021 de aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de outubro de 2021, e da produtividade do terceiro trimestre de 2021 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de novembro de 2021
2116/2021	29-11-2021	Reposición legalidade urbanística por actos en Volteiro, Cecebre, consistentes na construción dun porche sen título habilitante. Propiedade: RGG e LMBH
2117/2021	29-11-2021	Recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas certificacións do servizo de acondicionamiento do entorno do río Mero ao seu paso polo termo municipal de Cambre. Convenio Augas de Galicia 2020-2023. Anualidade 2021 por importe de 40.000,00 euros, así como o seu pagamento
2118/2021	29-11-2021	Rectificación do fraccionamento de débeda solicitada por MCFM do recibo nº 3168/204, correspondente á taxa polo servizo de subministración de auga, relativa ao cuarto trimestre de 2020, por anulación da liquidación orixinal. Devolución do exceso de pago do recibo 3168/203 correspondente ao terceiro trimestre do mesmo ano
2119/2021	29-11-2021	Transferencia de crédito 13/2021
2120/2021	29-11-2021	Reposición legalidade urbanística por construción dunha vivenda unifamiliar sen título habilitante, en Estrada Estación, Cambre. Titular N BG
2121/2021	29-11-2021	Reposición legalidad urbanística pola realización en Aian, Sigrás de actos consistentes en movementos de terras (desmontes e recheos), eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e modificacións e soterramento do curso de auga superficial que percorre de forma natural a parcela. Propiedade: NCF



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2122/2021	29-11-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados na finca sita en Aldea na parroquia de Andeiro, consistentes na reforma e ampliación dun galpón existente. Propiedade: Hdros de CGD
2123/2021	29-11-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de setembro de 2021
2124/2021	29-11-2021	Alta SAF CGV
2125/2021	29-11-2021	Alta SAF CBG
2126/2021	29-11-2021	Alta SAF CGG
2127/2021	29-11-2021	Alta SAF MRT
2128/2021	29-11-2021	Alta SAF IMCVA
2129/2021	29-11-2021	MADR SAF MIFDV
2130/2021	29-11-2021	Alta SAF MSL
2131/2021	29-11-2021	Alta SAF CVG
2132/2021	30-11-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra intervención para a mellora e adaptación á normativa dos parques infantís municipais do termo municipal de Cambre, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 23.864,03 euros, así como o seu pagamento
2133/2021	30-11-2021	Devolucion de ingresos indebidos de taxa de expedición de documentos por celebración de boda civil a dona ARR DII
2134/2021	30-11-2021	Contrato menor: Contratación probas PCR (Covid-19). Obradoiro de Emprego PROXEDIS- PROWEB III
2135/2021	30-11-2021	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1 de decembro de 2021
2136/2021	30-11-2021	Denegar a axuda recibo de agua por non ser titular do contrato de aluguer. Solicitante: YGHH
2137/2021	30-11-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 250 euros. Solicitante: CMPN
2138/2021	30-11-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ADCM
2139/2021	01-12-2021	Aprobación do padrón do prezo público por actividades xuvenís - Programa Vente de Marcha 2021: Ruta 148: A via da Prata: Ourense-Cea
2140/2021	01-12-2021	Estimación da solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por JAIR da taxa de expedición de documentos administrativos en concepto de outros informes emitidos pola Policía Local.
2141/2021	01-12-2021	Renovación expedición licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
2142/2021	01-12-2021	Inscripción dun animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. nome: max
2143/2021	01-12-2021	Solicita licenza para a tenza dun can potencialmente perigoso
2144/2021	01-12-2021	Expedición de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos
2145/2021	01-12-2021	Arquivo e inicio declaración de ruína da edificación sita no Temple
2146/2021	01-12-2021	Reposición legalidade urbanística polo exercicio de actividade de

		almacén, no baixo sito en travesía Igrexa, sen título habilitante. Propiedade: GdelC, S.L.
2147/2021	01-12-2021	Contrato menor subministración libros (desiderata e clubs de lectura 2021)
2148/2021	01-12-2021	Expediente de disciplina urbanística 07/42/01 por construción de chabolo en finca sita en Picardos, Anceis sen licenza municipal nin solicitude
2149/2021	01-12-2021	Aprobación das bases do "Rasca e Gaña no Nadal" 2021 - 2022
2150/2021	01-12-2021	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Fonte da Vila, Santa María de Vigo, Cambre
2151/2021	01-12-2021	Corrección erro Resolución nº 2032 /2021 de data 17/11/2021
2152/2021	01-12-2021	Contrato menor: Subministración de farmacia para a docencia do obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022
2153/2021	01-12-2021	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do cuarto trimestre de 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre". Expediente: 2019/C006/000003

- Prórroga á anualidade 2022 do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre". Expediente: 2020/C006/000006.

- Proposta de levantamento da medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre". Expediente: 2021/C004/000004

- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de "Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre", a empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de **36.277,15€ sen IVE, 43.895,35 € IVE** incluído. Expediente núm. 2021/C002/000207

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Prórroga á anualidade 2022, do contrato para a subscrición dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre". Expediente: 2019/C006/000003

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que no expediente nº 2019/C006/000003, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinteito de xaneiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade "Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A." a contratación dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre", asinándose o correspondente contrato coa entidade con data do 31/01/2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do cadro de Características do contrato, este ten un prazo previsto de execución de un ano dende a efectividade da póliza, que terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2020 ata as 24:00 horas do día 31/1/2021 incluídos, puidendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas, (dende as 00:00 horas do 01/02/2020 ata as 24:00 horas do 31/01/2023).

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día dezasete de decembro de dous mil vinte, acordó entre outros, o acordo da prórroga por un ano mais, con efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2020 ata as 24:00 horas do día 31/1/2021 incluídos.

Visto o escrito presentado con data do 28 de outubro de 2021 e rexistro de entrada ao número 202199900005696, por don David Ramos Arenas, en representación da entidade Mapfre España Compañía de Seguro y Reaseguros, S.A. entidade adxudicataria, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 09 de novembro de 2021 pola xefa de Rexime interior no que consta que o adxudicatario cumpriu de maneira satisfactoria o seu traballo, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 19 novembro de 2021 e mailo informere emitido polo Interventor Municipal co número 483/2021 e data do 27 de novembro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA", con CIF A2814**** e domicilio na rúa Nava, 18, C.P. 33006, Oviedo (Asturias,) para a subscrición dunha "Póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre" (Expediente 2019/C006/000003), polo que a efectividade da póliza prorrogada terá efectos dende as 00:00 horas do 01/02/2022 ata as 24:00 horas do 31/01/2023).

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro : Notificar aos departamentos municipais de Rexime interior, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Prórroga á anualidade 2022 do contrato para a subscripción dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre”. Expediente: 2020/C006/000006.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2020/C006/000006, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social” a contratación dunha “Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre”, asinándose o correspondente contrato con data 29/01/2021.

Vista a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas na que se establece a duración do contrato será dun ano dende a efectividade da póliza, con efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2021 ata as 24:00 horas do día 31/01/2022 incluídos, podendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/02/2021 ata as 24:00 horas do 31/01/2024).

Visto o escrito presentado con data 2/11/2021 e número de rexistro 202199900005804, por don Francisco Le Senne Cotoner, en representación da entidade “Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social”, entidade adjudicataria, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 19 de novembro de 2021 polo coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil en funcións, no que consta que non existe ningunha obxección para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 26 de novembro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal co número 482/2021 e data do 27/11/2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar por un ano, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade "Previsión Balear Mutualidad de Previsión Social", con NIF V071***** e dirección en rúa Gremi Sabaters 68, 2º -A, 07009 Palma de Mallorca (Illas Baleares) para a subscripción dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre" (Expediente 2020/C006/000006), polo que a efectividade da póliza terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/02/2022 ata as 24:00 horas do día 31/01/2023 incluídos.

Segundo: Notifícalo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Emerxencias e Protección Civil e á Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de levantamento da medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación do "Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre". Expediente: 2021/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 19/11/2021 a Xunta de Goberno Local acordou adoptar a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, en virtude da Resolución adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 12/11/2021 no Recurso nº 247/2021, interposto por L2 INGENIERÍA Y CONSULTING GALICIA SCP e ERBA ARQUITECTOS contra a exclusión da súa oferta en dita contratación, Resolución de medida cautelar nº 100/2021.

Visto que con data 30/11/2021 rexistrouse de entrada no Concello de Cambre con número de rexistro 202190000004221 resolución adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) no Recurso nº 247/2021, na que conclúe:

“1.Desestimar o recurso interposto conxuntamente, en compromiso de unión temporal, por L2 INGENIERÍA Y CONSULTING GALICIA SCP e ERBA ARQUITECTOS (dona Beatriz Hermida Calviño) contra a exclusión da súa oferta na contratación dun servizo de redacción de proxectos e direccións de obra do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004 dese Concello.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día”

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Levantar a medida cautelar de suspensión do procedemento de contratación do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, en virtude da Resolución adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 30/11/2021 no Recurso nº 247/2021, interposto por L2 INGENIERÍA Y CONSULTING GALICIA SCP e ERBA ARQUITECTOS contra a exclusión da súa oferta en dita contratación e, en consecuencia, continuar coa tramitación do procedemento.

Segundo: Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 152.1 e 63.3.e) da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de “Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre”, a empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 36.277,15€ sen IVE, 43.895,35 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000207

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 05/10/2021 asínase pola arquitecta técnica municipal o informe denominado “Descricións técnicas de acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre ”, correspondente á obra “Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre ”, cun importe base de licitación de 39.865,00 € sen IVE, 48.236,65 IVE incluído e prazo de execución de 2 meses. Con data

22/10/2021 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente á obra “Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre” elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade da obra xustificando que:

“3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

Dicha contratación se considera necesaria para la adaptación de la planta semisótano del local social sito en Meixigo para poder usarlo posteriormente por los ciudadanos.

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

Dado el uso que se pretende y que el espacio disponible no es muy grande, se propone la configuración de un único espacio en la planta en la que se actúa, con la inclusión de un aseo adaptado para personas de movilidad reducida. El acceso a la planta semisótano se mejora para dar cumplimiento a la vigente normativa en cuestión de accesibilidad, y esto tal como se describe en la Descripción Técnica

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

Tanto o obxecto como o contido son os adecuados para o fin proposto.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

En base al artículo 116.4.g de la Ley 9/2017 de contratos del sector público se justifica la decisión de no dividir en lotes el objeto del contrato por la naturaleza y dimensión de la obra a ejecutar, pues la realización independiente de las distintas unidades dificultaría la correcta ejecución de la obra y la obtención del objeto del contrato por estar todas íntimamente vinculadas de forma que su coordinación complicaría y alargaría la ejecución de los trabajos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostes por la poca entidad de las unidades que constituirán cada uno de los lotes posibles.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.

Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

(...)

Por lo tanto, teniendo en cuenta que se trata de actuaciones para solventar necesidades de carácter puntual y no recurrentes, no estando previstas ni planificadas, y dado el importe de las mismas, inferior a 40.000,00€ (sin iva); se dan las circunstancias señaladas tanto en el art. 118 de la LCSP, como en la Resolución de 6 de marzo de la Oficina Independiente de Regulación y Supervisión de los Contratos por la que se publica la Instrucción 1/2019, de 28 de febrero, sobre

contratos menores; para proponer la tramitación como contrato menor, atendiendo a la naturaleza, cuantía y simplicidad de la tramitación, efectuando para esto, la siguiente propuesta de criterios de adjudicación:

PROPOSTA CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN *Prezo máis baixo”*

Dita contratación forma parte das competencias propias do Concello en materia de promoción das “infraestructuras de su propia titularidad”, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Con data 26/10/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 933.62200 (Edificio y otras construcciones Gestión Patrimonio).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 30/11/2021 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que:

“Primeiro: No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

Arkivolta S.L.
Canarga S.L.
Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Criterio económico		
	Oferta	Baja	% Baja
Canarga S.L.	48.236,65	0,00	0.00
Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.	43.895,35	4.341,30	9,00

*Formulando proposta de adjudicación das obras de “Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre” a prol da empresa **Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.**, por importe de 36.277,15€ sen IVE, 43.895,35 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta tendo en conta o único criterio de valoración, o prezo mais baixo.*

Achégase ao informe a declaración responsable do licitador e certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de

contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 5 de decembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 500/2021-REPARO 157R, emitido polo interventor da Corporación con data do 5 de decembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Descricións técnicas”, correspondente á obra “*Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre*”, cun importe de licitación de 39.865,00 € sen IVE, 48.236,65 IVE incluído e prazo de execución de 2 meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 62200 (Edificio y otras construcciones Gestión Patrimonio).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000207, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “*Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo, Cambre*” a prol da empresa **Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.**, por importe de 36.277,15€ sen IVE, 43.895,35 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á arquitecta técnica municipal, Dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Designar como coordinadora da seguridade e saúde á empresa Gallega de Coordinacións S.L., adxudicataria do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022).



Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, á empresa coordinadora da seguridade e saúde, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López